


Actividades para todos os gustos e idades no Outono Cultural



Mentres os máis despiden con melancolía o verán e a súa diversión, en Oroso dámoslle a benvinda con ledicia ao **"Outono Cultural"**. Un programa que reúne unha trintena de actividades para todos os gustos e idades que terán lugar na súa maioría no centro cultural de Sigüeiro.

Se gustas do teatro, Ateaco representará "Mátame que eu non podo", dirixida a un público adulto, o 7 de outubro ás 21:00 horas. E o venres 28 de outubro, ás 21:00 h, Malasombra presenta "DEP", para maiores de 12 anos.

Se prefires as exposicións, do 10 ao 24 de outubro a asociación Sahebbi, de apoio ao pobo saharai, presentará unha mostra fotográfica no centro cultural. E do 28 de outubro ao 13 de novembro poderás gozar coa mostra do XIV Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo.

Se o teu é a festa, o sábado 29 de outubro volven os Bailes de Maiores. A partir das 19:30 horas. E



o luns 31 de outubro, de 17:00 a 20:00 horas, Festa do Samaín, con animación, obradoiros de maquillaxe fantasmagórico e fotomatón do Samaín para desfrutar en familia. E do 28 ao 29 de outubro todos os que entreguen unha cabaza decorada do Samaín terá un agasallo. As cabazas expóranse no centro

cultural de Sigüeiro.

E para os máis pequenos, retomamos o Programa de Animación á Lectura. É dicir: contos todos os sábados, ás 11:00 horas (este mes: "Quen ten cú, ten medo"); o club de lectura "En busca do libro perdido (penúltimo venres do mes, ás

18:00 h); e os obradoiros de creación "A rebotica dos contos" (o último venres de mes, ás 18:00 h). A maiores, o 24 de outubro, ás 18:00 horas, celebraremos o Día da Biblioteca coa actuación da Tropa de Trapo con "O ritmo do camiño". E o luns 31 e o mércores 3 de novembro, "Halloween camp", programa de conciliación da vida laboral e familiar.

E para novembro queda o espectáculo para bebés "A alfombra máxica" (día 5, ás 11.00 horas), o espectáculo "Bivalvos como galegos" de Fran Rei e Pedro Brandariz (día 11, 21:00 h), Baobab Teatro con "Luppo" (día 20, ás 18:00 h) e o baile de maiores (día 26 ás 19:30 horas).

As V Xornadas Micolóxicas terán lugar o sábado 22 de outubro

Por quinto ano consecutivo, o Concello convoca a súas **Xornadas Micolóxicas**, que cada ano reúnen a dúcias de veciños e veciñas para desfrutar tanto das charlas micolóxicas como das saídas ao monte a apañar cogomelos e a súa degustación nun restaurante do municipio. Este ano terán lugar o sábado 22 de outubro. Máis información e anotacións no centro cultural ou no 981 690 903. O prazo de inscrición remata o 18 de outubro.



Eu xa colaboro, e ti?



Descarga a APP no teu móbil dende www.concellooroso.com, envíanos as incidencias que vexas e resolverémolas o máis axiña posible





O Concello de Oroso dota de calefacción a seis locais sociais

O Concello de Oroso investiu máis de 10.000€ en instalar **calefacción** en 6 locais sociais do municipio: Cachopal, Deixebre, Garabanxa, Oroso, Trasmonte e Vilarromariz. O concelleiro de Obras, Eduardo Veiras, explica que "son dunhas estufas de pellet moi seguras, moi doadas de manexar e que permitirán optimizar o uso dos locais sociais pola veciñanza e a facer máis actividades culturais, formativas e de ocio". Por iso, o alcalde Manuel Mirás confirma que "nunha segunda fase levaremos tamén as estufas de pellet aos locais sociais de Cardama, Gándara, Marzoa, San Román de Pasarelos e Senra, completando así todos os locais do municipio".



Mirás e Veiras comprobando a estufa de Vilarromariz

Mellora da rede viaria de Mixoi (Calvente) e A Grela (Marzoa) por case 74.000 €

O Concello de Oroso vén de mellorar a rede de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias en Mixoi (Calvente) e A Grela (Marzoa), nas que investiu un total de 73.801 euros.



O Concello pide unha 2ª liña de infantil no CEIP Camiño Inglés

O Concello reclámalle á Xunta a implementación dunha segunda liña de infantil no CEIP do Camiño Inglés, onde están matriculados 26 nenos/as. A concelleira de Ensino, Beatriz Rodeiro, explica que "o centro dispón da infraestrutura precisa para a apertura dunha segunda aula", que permitiría "mellorar a calidade do ensino nunha idade na que, na maioría dos casos, é o seu primeiro contacto coa escola, polo que precisan dunha maior atención e coidado".

Liña Verde cumpre dous anos con 548 incidencias atendidas



Nos seus dous primeiros anos de vida, o servizo **Liña Verde de Oroso** atendeu 548 consultas, a maioría relacionadas co alumeadado público, parques e xardíns e limpeza viaria. Todas elas recibiron unha resposta inmediata e máis do 71% xa foron solucionadas. O concelleiro de Parques e Xardíns, Antonio Leira, agradece "o alto grado de participación pois son unha gran axuda e nos permiten coñecer necesidades que, de non ser pola colaboración cidadá, tardaríamos máis en detectar".

actividades extraescolares 2016-2017

Programas de conciliación laboral e familiar

Servizo Cambio de Roupa Prezos 25€/semana
 É un servizo para a disposición das familias para garantir a limpeza e novo uso mantendo un medio ambiente ecoloxicamente correcto e reduciendo o consumo de roupa que se tira ao lixo.

Tarxetas Lúdicas
 O programa consiste en permitir utilizar a parte do depósito de lixo comunitario para a realización de actividades lúdicas e educativas para os nenos/as de 3 a 6 anos.

Actividades:

- BALLET** Prezos 22€/semana. Luns de 18:00 a 17:00. Ballet infantil para nenos e nenas.
- ENGLISH** Prezos 22€/semana. Martes de 16:00 a 17:00. Aprendizaxe de inglés de maneira lúdica.
- MULTISPORT** Prezos 22€/semana. Miércoles de 16:00 a 17:00. Multiporte para nenos e nenas.
- PATINHAJE** Prezos 22€/semana. Luns de 17:00 a 18:00. Para familiarizarse coa patinaxe en familia.
- RANCE PARTY** Prezos 22€/semana. Miércoles de 17:00 a 18:00. Unha maneira divertida de vivir familiarmente a cultura.
- teatro** Prezos 22€/semana. Martes de 17:00 a 18:00. Para poder vivir a cultura.

Prezos para 1 familia e 1 alumno. 5 alumnos máis de 10€.

Martes saudables cos maiores

TODOS OS 1º MARTES DE MES

Martes 4 de outubro
Prevención da enfermidade "Coñecellos para unha vida saudable."

Martes 8 de novembro
Primeiros auxilios en persoas con dano cerebral.

Martes 13 de decembro
Musicoaterapia.

Horario: de 17:00- 19:00
 Lugar: Local de Terceira Idade.
 Rúa do Campo, 9

MAIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN:
 SERVIZO EMPREGA OROSO
 PRAZA ENASC DE AZ PAREDO, 1
 P.O. BOX 10000
 981091478

Servizo de Ludoteca e apoio escolar

"Necesitas axuda para conciliar a túa vida laboral e familiar?"
 "Queres axuda cos deberes ou o reforzo para os teus fillos/as?"

Horario de apertura:
 Ludoteca aberta en horario flexible de 16:45 a 17:45 (INICIO O 19 DE SETEMBRO)
 Apoio escolar de luns a venres de 17:45 a 19:15 (INICIO O 17 DE OUTUBRO)

Importe segundo as necesidades	
LUDOTECA (HORAS)	APOIO ESCOLAR
2 horas	50€
3 horas	75€
4 horas	100€
5 horas	125€
6 horas	150€
7 horas	175€
8 horas	200€
9 horas	225€
10 horas	250€
11 horas	275€
12 horas	300€

Programación da ludoteca:

LIÑAS	MARTES	MIÉRCOLES	XOVES	VENRES
ARTES PLÁSTICAS/PINTA	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL
BALE MANUAIS/ARTE	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL
CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL	CONCILIACIÓN LABORAL

Para máis información e inscricións:
 697 771 097 | info@nosoescola.com

COLABORA:

OROSO

* servizo dispoñible para nenos/as de infantil e primaria
 ** suxeito a acordar un mínimo de nenos/as



O Concello acondiciona a planta superior da unitaria de Vilacide

O Concello de Oroso vén de acondicionar a planta superior da escola de Vilacide, onde tamén se arraxou o baño e se remodelaron as dúas aulas para os maiores, xa que este espazo lles estaba quedando moi pequeno. O alcalde Manuel Mirás explica que "a escola debe ser a mellor casa do pobo e nós seguiremos traballando nese sentido para que o CRA siga funcionando porque os nenos, nos primeiros anos de vida, onde mellor están é nunha escola o máis preto das súas casas". Ademais, adianta que "este ano arraxamos a escola de Vilacide, para o próximo arraxaremos a de Deixebre".

Cursos gratuítos de xestión, informática e graduado en ESO



O Concello aumenta a súa oferta formativa con varios cursos gratuítos dos podes obter máis información na Aula de Formación EducaOroso, no 981 688 950 ou en www.concellooroso.com. O curso de CONT4 Xestión terá lugar do 3 ao 13 de outubro, dirixido a veciñ@s que queiran manexar un programa de xestión. Xunto a CISCO, o Concello ofrece 3 cursos en liña: emprendemento dixital, ciberseguridade e o Internet das cousas, que terán lugar do 10 de outubro ao 10 de decembro. E ata o 7 de outubro podes anotarte no curso para preparar as probas libres para obter o Graduado en ESO.



Premio Camiño de Santiago para o Concello de Oroso e o CEICI

O Concello de Oroso recibirá un **Premio Camiño de Santiago 2016**, que convoca Turismo de Galicia para premiar as iniciativas que melloren o Camiño de Santiago. Un premio pola posta en marcha do Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés (CEICI) e as actividades realizadas. O alcalde Manuel Mirás di que "é un recoñecemento ao intenso traballo que estamos facendo en Oroso para promover o Camiño Inglés e que comeza a dar os seus froitos". Así, Oroso recibirá o 18 de outubro a alumnos de varios colexios de Durham (Inglaterra), nunha primeira experiencia de intercambio de estudantes.

Novos horarios para as actividades para maiores



O Concello de Oroso informa dos novos horarios das actividades para maiores. Hai 5 grupos de ximnasia: o 1 e 2 no centro cultural (martes e venres, de 10:00 a 10:45 e de 11:00 a 11.45 h), o 3 en Trasmonte (martes de 18:00 a 18:45 e xoves de 19:00 a 19:45 h), o 4 en Senra (martes e xoves de 17:00 a 17:45 h) e o 5 nos Ánxeles (luns e mércores de 17:00 a 17:45 h). No centro cultural terán lugar: Música e movemento (mércores, de 11:30 a 12:15 h), Obradoiro de Memoria (xoves, de 11:00 a 11:45 h), Taichí (luns e mércores de 10:00 a 10:45 h) e informática (venres de 10:00 a 11:00 h).

Curso 2016-2017

Clases Xadrez

XOGA E APRENDE

Empezamos o día 7 de Outubro

Todos os venres de 18:00 a 21:00

Lugar das clases: Sala de Xadrez do Centro Deportivo de Sigüero (3ª planta).

Monitor: Roberto Pablo (Campón Galego) Tel: 691 385 276

Inscricións: telef: 620028950 - 651365275
ou por email: dubadexadrez@gmail.com
<http://dubadexadrez.orocho.vtx.com/leido>

I MINIOOLIMPIADA

DA MANCOMUNIDADE DOS MUNICIPIOS DE ORDES

Sábado, 8 e 15 de Outubro

De 16 a 20 h. (F. sala de 15 a 19 h.)
Polideportivo Castelao 2 de Ordes

ATELISMO FUTBOL SALA XADREZ ORIENTACION

INSCRICION: A través dos/as coordinador/as de deporte de cada concello ou mediante o correo electrónico: ordolimp@orocho.vtx.com

DEBUTAR O DÍA PARA ANOTARSE: 3 de outubro, ás 14 h.

OBRADOIRO DE TEATRO

Mejores de 20:30 a 22h.
Mejores de 14 anos
Mejores de 19 a 20:30h
Nenos/as de 7 a 14 anos

No centro cultural

MÁS INFORMACIÓN, INSCRICIÓN E PREZOS NO CENTRO CULTURAL OU NO 981 688 953 E TAMÉN NA PÁXINA WEB: WWW.CONCELLOOROSO.COM

OROSO
casa cultura

FOI NOTICIA...



Oroso e Góis apostan por facer medrar o GóisOrosoArte

Na undécima edición do **GóisOrosoArtes**, Oroso e Góis apostaron por facelo medrar aínda máis, agora que entra no seu segundo decenio. O alcalde Manuel Mirás agradeceu a participación dos artistas: "sodes o pilar fundamental do certame, sen vós non tería sido posible". Durante o acto entregáronse obsequios aos artistas que participaron nestes 11 anos e á alcaldesa de Góis Lurdes Oliveira, polo seu impulso ao irmandamento entre Oroso e Góis. Na edición deste ano participaron 57 artistas.



Premio aos artistas participantes no certame



A Real Federación Española de Tenis de Mesa escolleu Oroso como sé dunha concentración na que participaron algúns dos mellores xogadores españois da categoría benxamín, promesas candidatas a formar parte da Selección Española.



Os xogadores/as máis novos do Club Xadrez Oroso, nos podiums do III Torneo de Xadrez de Oroso. Parabéns!!!



Os alevíns da E.D. Xuventude Oroso proclamáronse campións do **Footgóis 2016**, un torneo sub 11 disputado en Góis. Os orosáns, que gañaron todos os partidos, venceron na final á SL Benfica, unha das canteiras máis importantes de Portugal.



Centos de veciños desfrutan do IV Festival Folclórico Parque do Carboeiro

Centos de veciños e veciñas disfrutaron dunha agradable tarde-noite de música na cuarta edición do **Festival Folclórico Paseo do Carboeiro**. Os primeiros en subir ao escenario foron os grupos infantís de Lembranzas do Tambre, que deron paso a un xantar con churrasco e polbo a prezos populares, servizo de bar e foliada. Pola tarde retomouse o festival coas actuacións de Buxos Verdes (de Senra e Cardama), Faíscas da Pontraga (Tordoia), Néboas no Cumio (Sigüeiro), Lembranzas do Tambre (Sigüeiro), Rancho Folclórico Senra do Ceira (Góis) e o Grupo Folclórico Anaquiños (Chapela).

